



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica A Coruña

Teléfono 981183969 – Fax 981183679

Email coruna@cigtelefonica.com

www.cigtelefonica.com

Incrementéntase a presión en Comercial Hércules

Hai moito tempo que as condicións laborais en Comercial están afectando a saúde dos traballadores e traballadoras, así se recolleu nas avaliacións de riscos psicosociais que se teñen feito no centro. Na última que se realizou, algúns parámetros como a carga mental incluso empeoraron con respecto á anterior avaliación. Hai anos que tanto a CIG como o propio Comité estamos pedindo unha nova avaliación de riscos psicosociais.

Os grupos de traballo que se trataran de poñer en marcha para mellorar a situación despois da primeira avaliación nunca chegaran a funcionar e non serviron máis que para tratar de enganar ao persoal facéndolles crer que se estaba a facer algo. Hoxe pasa algo semellante co “Grupo Motiva”, con reunións inútiles para os intereses dos traballadores e traballadoras.

Os problemas que se levan denunciando dende hai moito tempo non se están a solucionar, en algúns casos incluso van a peor. Podemos falar por exemplo das aplicacións, non melloran en absoluto e cada vez teñen que consultar máis datos con ferramentas que non funcionan incrementando a carga mental das asesoras e asesores.

Os obxectivos que se marcan son moi esaxerados para a situación económica e social que estamos a padecer a maioría da sociedade co cal é moi complicado chegar a eles e o que fan é xerar un clima de estres moi prexudicial para a saúde dos traballadores e traballadoras.

Outra cuestión que empeora moito o clima laboral é a arbitrariedade na toma de decisións por parte dos responsables do centro, puidémolo comprobar coa creación do grupo de TMKS onde non foron quen de xustificar, con datos obxectivos, a selección das persoas que forzaron a pasarse a este novo grupo de traballo.

Non intentaron formar o grupo con voluntarios e aínda que no primeiro momento indicaron que non modificarían as súas condicións laborais pouco tempo despois envían cartas para impoñer unha quendas de traballo que claramente dificultan a conciliación da vida laboral e familiar.

É inxustificable como están a tratar esta cuestión pois no centro hai persoas que realizan de xeito voluntario esas quendas e sen embargo optan por impoñerllas a persoas que necesitan outros horarios para a súa conciliación familiar.

Semella que a principal preocupación da dirección pasa por impoñer en Telefónica condicións laborais semellantes ás que padece o sector do marketing, un sector moi precario e con condicións próximas á escravitude en algúns países.

Convén lembrar como está Atento no Estado español onde acaba de presentar un ERE a pesar de ter moitos beneficios no grupo empresarial, na Coruña haberá 49 traballadores e traballadoras que se irán á rúa nun momento no que atopar emprego é case unha utopía.

Estes son os movementos da dirección da empresa: empeoramento das nosas condicións laborais mentres se reparten millóns de euros entre eles, hai uns días anunciaron que o presidente vai levar uns 35 millóns para o seu plan de pensións.

Infórmate, reflexiona, actúa... Mobilízate!

A Coruña 7 de agosto de 2014